

O mal (in)evitable

Respostas a Epicuro

CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS

“Non responde a unha moda, senón a necesidade do noso tempo”. Velaí a clave do discurso que Andres Torres Queruga nos propón ao longo das páxinas de *Repensar o Mal*. Unha perspectiva que, desde a Poneroloxia (tratado do mal) e mais a Teodicea (tratamento de Deus a luz dos principios da razón), aclara que “o concepto dun mundo sen mal e tan contradictorio como un circulo cadrado”. É que, deste xeito, o famoso dilema de Epicuro: “Ou Deus quere tirar o mal do mundo, pero non pode; ou pode, pero non o quere tirar; ou non pode nin quere; ou pode e quere. Se quere e non pode, é impotente; se pode e non quere, non nos ama; se non quere nin pode, non é Deus bo e, ademais, é impotente; se pode e

quere –e isto é o máis seguro–, entón ¿de onde vén o mal real e por que non o elimina?” tería trampa.

Porque, non é que “non queira” ou “non poda”, senón que simplemente a pregunta carece de sentido. Se Deus crea o mundo, este terá que ser finito (senón crearíase a Si mesmo). Outra cousa é o ríspeto a que todo o mal nace do funcionamento “autónomo” do mundo e da liberdade, polo que o sería inevitable pola súa propia finitude (poneroloxia). Podería o noso mundo existir sen mal? A imaxinación responde afirmativamente. Os

soños de omnipotencia infantil (Freud), tan remisos a ser curados, van nesa dirección. Pero o principio de realidade, fainos inviables.

Todo home e toda muller, polo feito de o seren, vense enfrontados ao duro desafío do mal, como resultado da propia finitude do mundo. O mal aparece só e unicamente porque é inevitable, porque non existe outra posibilidade para a existencia do mundo. A súa (a) lóxica non é a do “para que”, senón a do “a pesar de”. O mal está aí non porque é necesario para lograr algún tipo de finalidade dentro do mundo, senón simple e sinxelamente porque doutro modo non resulta posible a existencia mesma do mundo.

TORRES QUEIRUGA, A., *Repensar o Mal. Da Poneroloxía á Teodicea*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP. 29 €

